



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Teoría e historia da actividade física e do deporte	Código	620G01003	
Titulación	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Educación Física e Deportiva			
Coordinación	López Villar, Cristina	Correo electrónico	cristina.lopezv@udc.es	
Profesorado	López Villar, Cristina Sevilla Sánchez, Marta	Correo electrónico	cristina.lopezv@udc.es marta.sevilla@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia pretende introducir ao alumnado en aspectos básicos de historia e filosofía das ciencias do deporte. Os coñecementos adquiridos nesta materia pretenden xerar no alumnado unha conciencia crítica e de compromiso coa profesión da persoa graduada en ciencias do deporte e a actividade física.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Comprender os beneficios do deporte como experiencia de lecer para ser capaz de incluír os indicadores fundamentais na planificación e atender os mesmos no desenvolvemento da práctica de lecer, considerando o xénero, a idade e a discapacidade, e analizando con enfoque crítico as estratexias de discriminación positiva.
A2	Comprender os procesos históricos das actividades físico-deportivas e a súa influencia na sociedade contemporánea, estudando o caso de España e Galicia, e a presenza diferenciada dos homes e das mulleres.
A3	Coñecer e analizar a cultura deportiva e propoñer os cambios necesarios, na propia e na das persoas coas que traballa, desde a ética e o xogo limpo, as diferenzas de xénero e a visibilidade dos discapacitados.
B12	Coñecer os principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional e actuar de acordo con eles.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Comprender a importancia das categorías xénero e clase social nas análises históricas.	A1	
Entender a importancia do deporte con finalidade social	A3	
Comprender a importancia da ética no deporte e as súas diferentes manifestacións.		B12
Saber expresarse correctamente tanto nos traballos académicos escritos como nas exposicións orais.		C1
Demostrar a asimilación da importancia dos procesos históricos e a súa influencia no momento actual, tanto en España como en Galiza e nos diferentes colectivos diferenciados por xénero, idade, clase social, etc.	A2	

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 0. ASPECTOS BÁSICOS	<ul style="list-style-type: none"> - As fontes de información. - Bases de datos. - Normativas e formas de citar nos traballos académicos.
TEMA 1. O LUGAR DO CORPO NAS CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E O DEPORTE	<ul style="list-style-type: none"> - Aspectos epistemolóxicos - Corpo, deporte espectáculo, medios de comunicación e cultura de consumo. - A cultura corporal na educación física. - Cultura machista e cosificación do corpo.



TEMA 2. ÉTICA E DEPORTE	<ul style="list-style-type: none"> - O lugar da ética no deporte - Dereitos humanos e deporte - O deporte e o seu valor social: aps. - Deporte e medio ambiente
TEMA 3. DAS ORIXES DO DEPORTE AO DEPORTE ACTUAL	<ul style="list-style-type: none"> - Orixe e configuración da actividade física moderna. - ¿Quen escribe a historia? Grupos invisibilizados. - A deportivización s. XIX e XX - O deporte como fenómeno de masas: os xogos olímpicos. - As mulleres e o seu papel na historia do deporte.
TEMA 4. HISTORIA DO DEPORTE EN ESPAÑA E GALICIA	<ul style="list-style-type: none"> - O deporte en España. Fases. Pioneiras e pioneiros. - Historia das Facultades de Ciencias da Actividade Física e o Deporte. - Prácticas populares fronte a prácticas elitistas.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A2 A1 A3 B12 C1	8	23	31
Presentación oral	C1	3	11	14
Solución de problemas	A2 A1	12	0	12
Sesión maxistral	A2 A1 A3	17	17	34
Proba de ensaio	A2 A1 A3 B12 C1	1	12	13
Aprendizaxe colaborativa	B12	10	26	36
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Guiarase ao alumnado na realización dos traballos tutelados
Presentación oral	Os traballos tutelados e os problemas presentaranse na aula.
Solución de problemas	O alumnado terá que resolver diferentes problemas plantexados en forma de proxectos ao longo do curso.
Sesión maxistral	Sesións de explicación polo profesorado, poden ser sesións participativas.
Proba de ensaio	Examen escrito
Aprendizaxe colaborativa	A metodoloxía de traballo en grupo será principal nesta materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados Solución de problemas	<p>As actividades reflectidas son aquelas que demandan a asistencia do alumnado ás titorías. Nesta materia contémpanse 3 tipos diferentes de titorías:</p> <ul style="list-style-type: none">- En pequeno grupo: son aquelas previstas no horario da materia que poderán utilizarse a indicación do profesorado para revisar os traballos grupais.- Titorías individualizadas utilizando o despacho ou a plataforma Moodle.- Titorías persoais/grupais no despacho da profesora. <p>* O alumnado que xa cursou a materia pode acudir ás titorías personalizadas sempre que o precise.</p>
---	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba de ensaio	A2 A1 A3 B12 C1	Este exame é preciso superalo para poder facer media co resto de notas (Tema 3 e 4 para as persoas de avaliación continua) O exame será presencial.	3
Traballos tutelados	A2 A1 A3 B12 C1	- Mulleres e deporte. Traballo que consiste na recopilación de información sobre unha muller ou grupo de mulleres deportistas. Este traballo consta de diferentes partes: dossier, póster e presentación oral. Calificación: 2.5 puntos.	2.5
Solución de problemas	A2 A1	-Cuestionario moodle ou traballos: Tema 1. Proposta valores corporais, cultura corporal e masculinidades ou semellantes (1 punto). Tema 1. Proposta masculinidades (1 punto). Tema 2. Proposta sobre medio ambiente e deporte (1 punto). Tema 2. Proposta sobre dereitos humanos e deporte e valores (1 punto). Tema 2. Proposta ética e deporte (0.5).	4.5

Observacións avaliación



- O alumnado que queira optar a matrícula poderá entregar un traballo denominado "historia familiar e motriz", con autorización da responsable da materia.

- O alumnado poderá optar por avaliación contínua (o que se corresponde co apartado de avaliación desta guía) ou avaliación final (só exame final). O alumnado que se incorpore tarde ao curso só poderá optar a matrícula final.

- Avaliación contínua: como criterio pídese unha asistencia do 70% das clases prácticas, así como a entrega dos traballos nas datas acordada e asistencia a titorías ou charlas que se especifiquen ao longo do curso. As faltas ás clases, sen xustificación, de traballo grupal descontarán na nota final dos traballos nos que se produzan ditas faltas (cada dúas faltas que supoñan non estar traballando co equipo, sen xustificación, penalizará na nota final do traballo da persoa que falta 0,5).

En todos os casos é preciso aprobar todas as partes para facer a media final. Tanto o feito de non aprobar os traballos como as faltas a clase pode supor o suspenso na avaliación contínua e a necesidade de presentarse na convocatoria de xullo.

- Avaliación final: este alumnado non ten ningunha esixencia de asistencia a clase e realizará un exame final, éste poderá ser oral ou escrito, sobre os contidos da materia. O exame será o 100% da nota. O exame entregarase no idioma de impartición da materia, facilitarase en castelán solicitándoo unha semana antes á data de realización.

- Avaliación alumnado tempo parcial: a avaliación será a mesma que para os de tempo completo. Para calqueira circunstancia especial de tipo persoal, o alumnado deberá falar coa profesora dentro das tres primeiras semanas do curso.

- O alumnado coa materia pendente doutros anos realizará un exame escrito ou oral ou entregará os traballos que tiña pendentes, en función de cada caso. Recoméndase ao alumnado coa materia pendente doutros anos que acuda a unha titoría individual para cubrir unha ficha de datos persoais.

- Cando na primeira convocatoria se suspenda algunha das partes gardarase a nota das partes aprobadas durante 4 cursos escolares. O alumnado será responsable de actualizarse respecto á materia impartida cada curso.- O alumnado con necesidades específicas especiais poñerase en contacto coa profesora ao inicio do curso para valorar a posibilidade dunha avaliación alternativa.- Non se permitirá a asistencia aos exames con dispositivos móbiles ou calqueira outra ferramenta que non sexa un bolígrafo para redactar o exame. Recoméndase asistir ao exame con reloxo. - Cando o alumnado se presente á primeira oportunidade e non se presente á segunda dunha convocatoria, a nota final que figurará na acta será a que obtivo na oportunidade na que sí se presentou.

-Ao longo do curso poderían xurdir actividades extras, como conferencias ou semellantes, que poderán plantexarse como actividades obrigatorias para o alumnado.

- Non recepcionarán traballos a través do correo electrónico, para este fin usarase a plataforma moodle.

- A realización fraudulenta de proba ou actividades de avaliación implicará a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario (Regulamento disciplinar do estudantado da UDC, art. 11, apdo 4 b). Entenderase por fraude académica calquera comportamento premeditado tendente a falsear os resultados dun exame ou traballo, propio ou alleo, realizado como requisito para superar unha materia ou acreditar o rendemento académico (Lei 3/2022, do 24 de febreiro, de convivencia universitaria; art. 11, apdo g).

- O exame estará no idioma de impartición da materia, se se desexa noutra idioma oficial da UDC, solicitarase unha semana antes da data derealización

Fontes de información

Bibliografía básica



Bibliografía complementaria	<p>ALCOBA LÓPEZ, A. (2001). Enciclopedia del deporte. Madrid: Esteban Sanz Martínez. BECKER, H. e LANGENFELD, H. (1992). "Sport History." In Diccionario de ciencias del deporte, 582-583. Málaga: UNISPORT. BENTO, J. e MARQUES, A. (1989). Desporto, ética e sociedade. Porto: Universidade do Porto. CALLOIS, R. (1958). Les jeux et les hommes. Le masque et le vertige. Paris: Gallimard. García Candau, Julián (2007). El deporte y la guerra civil. Madrid: Espasa Calpe. CASHMORE, E. (2005). Making sense of sports. G. B.: Routledge. DANTEC, R. (2003). Il y a un siècle... Le sport. Rennes: Éditions L'Érudition. DUNNING, E.G., MAGUIRE, J.A., PEARTON, R.E. (1993). The Sports process, a comparative and developmental approach. Champaign: Human Kinetics Publishers. DURING, B. (1984). Des jeux aux sports. Repères et Documents en histoire des activités physiques. Paris: Vigot. ELIAS, N. y DUNNING, E. (1992). Deporte y ocio en el proceso de civilización. Madrid: Fondo de Cultura Económica. FREEMAN, W. H. (1992). Physical education and sport in a changing society. New York: McMillan. Fumero, Kika (2016). Escuelas libres de violencia machista. Palma de Mallorca: UIB. García García, Jorge (2015). El origen del deporte femenino en España. Printcolor: Barcelona. GILLET, B. (1971). Historia del deporte, ¿Qué sé? Barcelona: Oikos-Tau. GLEYSE, J. (ed.) (1999). L'éducation physique au XXe siècle. Approches historique et culturelle, Sport + Enseignement. Paris: Vigot. GONZÁLEZ AJA, Teresa (2001). El deporte a través del arte occidental. Universidad Complutense de Madrid, Vicerrectorado de Extensión Universitaria, 2001. GONZÁLEZ AJA, Teresa (ed.) (2002). Sport y autoritarismos. Madrid: Alianza editorial. González Martín, Xerardo (2007). 120 anos de ciclismo galego. Vigo: Galaxia. GUTTMANN, A. (1978). From ritual to record: The nature of modern sport. New York.: Columbia University Press. Justribó, Daniel (2014). Feminat, Esport, Cultura. Pioneres de l'aletisme catalá (1921-1938). Barcelona: Alprés. LANGLADE, A. e LANGLADE N. R. (1986). Teoría General de la Gimnasia. Buenos Aires: Stadium. Lezcano, Arturo (2005). Cheché Martín, fútbol sobre lenzo. Santiago de Compostela: Lea. Le FLOC'HOMOAN, J. (1965). La génesis de los deportes. Barcelona: Labor. Manrique Arribas, Juan Carlos (2008). La mujer y la educación física durante la dictadura. Valladolid: Universidad de Valencia. MANDELL, R. (1986). Historia cultural del deporte. Barcelona: Bellaterra. MECHIKOFF, R. (2009) A history and philosophy of sport and physical education: from ancient civilizations to the modern world. N. Y.: McGrawHill. RODRÍGUEZ LÓPEZ, J. (1995). Deporte y Ciencia. Teoría de la actividad física. Barcelona: INDE. RODRÍGUEZ LÓPEZ, J. (2000). Historia del deporte. Barcelona: INDE. Rose, Sonya (2012). ¿Qué es historia de género? Madrid : Alianza Editorial. Sentamans, Tatiana (2010). Amazonas mecánicas: engranajes visuales, políticos y culturales. Madrid: Ministerio de Cultura. SOTT KRETCHMAR, R. (1994). Practical philosophy of sport. USA: Human Kinetics. UEBERHORST, H. (1989). World history of Physical Education and Sport. Berlin: B. Wernitz. ULMANN, J. (1977). De la gymnastique aux sports modernes. Paris: Vrin. VIGARELLO, G. (1988). Une histoire culturelle du sport. Techniques d'hier... et d'aujourd'hui. Paris: Robert Laffont. ZEIGLER, E. (1988). History of Physical Education and Sports. Champaign (Ill.): Stipes. ??? (1990). Sport and physical education: past, present, future. Champaign (Ill.): Stipes. Últimas adquisicións da biblioteca sobre temática de historia do deporte, historia do deporte e as mulleres, masculinidades e ética e deporte.</p>
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase ao alumnado que non sabe escribir axeitadamente que consulte manuais de ortografía ou de redacción de textos, xa que nesta materia terás en conta a corrección nos textos para a nota final. -Coa finalidade de mellorar o sistema de garantía interna de calidade do noso centro, sería convinte que o alumnado atendese á solicitude realizada pola UDC, con periodicidade cuadrimestral, respecto a participar no proceso de avaliación das materias cursadas? e cuxa chamada realiza baixo o nome de ?AVALÍA? consistindo en responder as enquisas que avalían a docencia do profesorado en cada materia.



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías